



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Vista a modificación do Acordo Marco do Persoal Funcionario do Concello de Viveiro (Código 27100072122019), acordado na mesa xeral de negociación de data 14 de novembro de 2018 e aprobado polo pleno municipal en data 12 de decembro de 2018, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo de modificación no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 15 de marzo de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ACORDO MARCO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE VIVEIRO.

De conformidade co acordado pola Mesa Xeral de Negociación e polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada en data 12 de decembro de 2018, asíñase polas partes negociadoras a seguinte modificación do Acordo Marco do persoal funcionario do Concello de Viveiro:

A.- Eliminación da referencia prevista no artigo 72 aos límites mínimos de niveis.

O establecemento de niveis mínimos previsto no acordo marco, foi concebido no seu momento atendendo a unha concreta estrutura organizativa que coa aprobación da nova RPT resulta superada e obsoleta, polo que procede a eliminación da referencia prevista no artigo 72 aos límites mínimos de niveis.

B.- Modificación dos artigos 76 e 46 do acordo marco.

O artigo 76 queda coa seguinte redacción:

“Artigo 76.- Gratificacións por servizos extraordinarios. O horario realizado por estes servizos fóra da xornada laboral establecida compensarase, cada hora extra traballada, con hora e media libre.

Excepcionalmente, no caso de non poder compensarse en horario, compensarase economicamente.

A cuantificación do valor hora a efectos de gratificacións por servizos extraordinarios, calcularanse atendendo ao criterio seguinte: - Valor hora/ano calcularase dividindo a retribución total anual de cada traballador/a (excluíndo os trienios e a produtividade), entre o número total de horas dese período. - O valor da hora extra calcularase incrementando o valor hora/ano nun 50%.

A efectos deste precepto entenderase por servizos extraordinarios unicamente os que supoñan prestación efectiva de servizos e nunca a mera dispoñibilidade, aínda que supoña a inmediata incorporación ao servizo.”

O artigo 46.9 queda coa seguinte regulación:

“As horas extraordinarias compensaranse preferentemente con descansos, a razón de 1 hora e media por cada hora traballada. As horas de compensación acumularanse preferentemente ata chegar a completar xornadas laborais completas. Excepcionalmente, cando dispoñer de horas libres para compensar a realización de horas extraordinarias poida supoñer un grave prexuízo para o funcionamento do servizo, a compensación horaria poderá substituírse pola remuneración económica, nas contías fixadas no capítulo de retribucións deste convenio. Neste suposto, o responsable do servizo deberá formular a proposta de compensación económica, facendo constar as razóns que desaconsellan a compensación horaria, concretando a identificación dos traballadores/as afectados e o número de horas realizadas. Enviará esta proposta ao servizo de persoal que a trasladará á Comisión de seguimento para que informe o que considere oportuno. A resolución da proposta

corresponderá á Xunta de Goberno. De ser o caso, o pagamento das horas extraordinarias incluírase na nómina do mes seguinte ao da data de resolución.”

C.- Engadir ao acordo marco a seguinte disposición transitoria:

Disposición transitoria segunda.- No prazo de un ano dende a publicación da Relación de Postos de Traballo no Diario Oficial da Provincia de Lugo se renegociarán as contías das gratificacións extraordinarias e o procedemento para a súa autorización e xustificación.

D.- Engadir ao acordo marco unha disposición derogatoria co seguinte contido:

Disposición derogatoria.- Quedan derogados cantos acordos existan que contradigan o disposto no acordo marco. Quedan así mesmo derogados todos os acordos que existan relativos a retribucións específicas derivadas de nocturnidade, festivos, domingos e fins de semana, traballo a quendas e calesquera outras condicións tidas en conta na ponderación do complemento específico

E.- Réxime transitorio ata a implantación do 100% da RPT, respecto da eliminación do apartado 2 do artigo 76 do Acordo Marco de Persoal Funcionario do Concello de Viveiro.

Engadir unha disposición transitoria no Acordo Marco do Persoal Funcionario, co seguinte contido:

Os funcionarios da policía local, polo seu servizo permanente e de características especiais, en tanto non se implante a RPT na súa totalidade, terán dereito a unha gratificación polos seguintes conceptos:

1. Por custodia de detidos: 14,47€ por cada policía e vez.
2. Por asistencia a xuízos como testemuñas en días de descanso: 28,94€ se o xuízo se celebra na localidade de Viveiro e 57,88€ se se celebra fóra.
3. Por servizos efectivos e presenciais en domingos e en días festivos percibiranse as seguintes cantidades:

Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2022
17,36	10,13	4,34	0

Serán traballos realizados en domingos e festivos os establecidos no artigo 47 parágrafo segundo do Acordo Marco.

Por este concepto, tendo en conta que se trata de servizos prestados en quendas de traballo rotatorias, establecidas anualmente, e atendendo ao calendario laboral as cantidades a percibir anualmente, por cada traballador por este concepto serán as seguintes:

Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2022
1.249,92	729,36	312,48	0

Estas cantidades prorratearanse en doce pagas iguais.

4. Por servizos efectivos e presenciais en noites percibiranse as seguintes cantidades:

Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2022
8,68	5,06	2,17	0

Serán traballos realizados en domingos e festivos os establecidos no artigo 47 parágrafo primeiro do Acordo Marco.

Por este concepto, tendo en conta que se trata de servizos prestados en quendas de traballo rotatorias, establecidas anualmente, e atendendo ao calendario laboral as cantidades a percibir anualmente por cada traballador por este concepto serán as seguintes:

Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2022
624,96	364,32	156,24	0

Estas cantidades prorratearanse en doce pagas iguais.

Non se percibirá en ningunha das anualidades, unha vez iniciada a implantación da RPT, o concepto correspondente a vixilancia e reforzos, sendo estes conceptos remunerados a través das cuantías establecidas para as horas extraordinarias.

O traballador que ocupe o posto contemplado como de segunda actividade para a policía local, ao non contar con turnicidade nin coa realización das funcións propias da policía local, non percibirá cantidade algunha por estes conceptos.

Entrada en vigor da presente modificación puntual: Establécese a entrada en vigor das modificacións referidas ao día seguinte da súa publicación no BOP.

*A publicación para a súa entrada en vigor debe realizarse unha vez aprobada definitivamente e publicada, a Relación de Postos de Traballo do Concello de Viveiro, segundo o disposto no acordo plenario de aprobación da presente modificación puntual do Acordo Marco do Persoal Funcionario do Concello de Viveiro.

R. 0845

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo de revisión salarial para o ano 2018 do Convenio Colectivo da empresa “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.” para o seu centro de traballo de Monforte de Lemos (Código 27000861012002), asinado o día 2 de febreiro de 2017 pola representación empresarial e os representantes dos traballadores e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo, ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición da revisión salarial do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 20 de marzo de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ACTA DE LA COMISIÓN PARITARIA

PARTE SOCIAL:

Francisco Javier López Jordán

Javier Rey Rivero

José Coutado Arias

EMPRESA:

Enrique López González

Fernando Caamaño de Aramburu

En Monforte de Lemos, a las 13:00 del día 1 de febrero de 2019, se reúnen en la sede de la Empresa, las personas relacionadas al margen para tratar el siguiente:

Orden del día:

1. - Revisión de las tablas salariales.

1.- Revisión de las Tablas Salariales

Se procede la actualización de las Tablas Salariales de aplicación para el año 2018, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 8 del Convenio Colectivo, elevándose las mismas a definitivas.

Todas las partes están de acuerdo y aceptan y firman la Tablas Salariales correspondientes.

La representación empresarial manifiesta que procederá a su abono una vez que hayan sido enviadas y registradas a través del programa REGCON del Ministerio de Empleo.

Se autoriza expresamente para este trámite a Don Luis Suárez Zarcos.

Sin más puntos que tratar se levanta la reunión a las 13:30, firmando todos los presentes en prueba de conformidad

TABLAS SALARIALES DEFINITIVAS 2018			CONVENIO DE FCC, S.A. PARA MONFORTE DE LEMOS						
						FESTIVO	84,68		
SUBIDA	0,6%		Peón Día	Peón Noche	Conductor Día	Conductor Noche	Administrativo	Encargado	Aux. Tco.
Total año	0,6%	1,00600							
Salario Base			884,23	884,23	960,25	960,25	1.131,80	1.131,80	922,24
Plus Penoso	20,00%		176,85	176,85	192,05	192,05	226,36	226,36	184,45
Plus Actividad			0,00	0,00	0,00	0,00	220,91	220,91	0,00
Plus Nocturno	25,00%		0,00	221,06	0,00	240,06	0,00	0,00	0,00

Plus Transporte		129,17	129,17	129,17	129,17	129,17	129,17	129,17
Total	Bruto mes	1.190,24	1.411,30	1.281,47	1.521,53	1.708,25	1.708,25	1.235,86
Pagas Extras		3.536,90	3.536,90	3.840,99	3.840,99	4.527,22	4.527,22	3.688,95
TOTAL DEVENGADO	ANUAL	17.819,81	20.472,49	19.218,61	22.099,35	25.026,18	25.026,18	18.519,21

TABLA SALARIAL SABADOS Y DOMINGOS								
	SAL.	+1/6	Total	PLUS	PLUS	PLUS	Total	Por día
PUESTO	BASE	6	S.Base	PENOSO	NOCT.	TRANS.	Pluses	labor.
Conductor Noche	31,57	5,26	36,83	6,31	7,89	4,25	18,45	55,28
Conductor Día	31,57	5,26	36,83	6,31		4,25	10,56	47,39
Peón Noche	29,07	4,85	33,92	5,81	7,27	4,25	17,33	51,24
Peón Día	29,07	4,85	33,92	5,81		4,25	10,06	43,98

R. 0846

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Vista a modificación do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Viveiro (Código 27000752011997), acordado na mesa xeral de negociación de data 14 de novembro de 2018, ratificado polo comité de empresa na reunión do día 21 de novembro de 2018, aprobado polo pleno municipal en data 12 de decembro de 2018, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo de modificación no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 15 de marzo de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE VIVEIRO.

EXPTE 2523/2018.-

De conformidade co acordado pola Comisión Negociadora e polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada en data 12 de decembro de 2018, asíñase polas partes negociadoras a seguinte modificación puntual do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Viveiro:

A.- Eliminación da referencia prevista no artigo 72 aos límites mínimos de niveis.

O establecemento de niveis mínimos previsto no convenio colectivo, foi concebido no seu momento atendendo a unha concreta estrutura organizativa que coa aprobación da nova RPT resulta superada e obsoleta, polo que procede a eliminación da referencia prevista no artigo 72 aos límites mínimos de niveis.

B.- Modificación dos artigos 76 e 46.

O artigo 76 queda coa seguinte redacción:

“Artigo 76.- Gratificacións por servizos extraordinarios. O horario realizado por estes servizos fóra da xornada laboral establecida compensarase, cada hora extra traballada, con hora e media libre.

Excepcionalmente, no caso de non poder compensarse en horario, compensarase economicamente.

A cuantificación do valor hora a efectos de gratificacións por servizos extraordinarios, calcularanse atendendo ao criterio seguinte: - Valor hora/ano calcularase dividindo a retribución total anual de cada traballador/a (excluíndo os trienios e a produtividade), entre o número total de horas dese período. - O valor da hora extra calcularase incrementando o valor hora/ano nun 50%.

A efectos deste precepto entenderase por servizos extraordinarios unicamente os que supoñan prestación efectiva de servizos e nunca a mera dispoñibilidade, aínda que supoña a inmediata incorporación ao servizo.”

O artigo 46.9 queda coa seguinte redacción:

“As horas extraordinarias compensaranse preferentemente con descansos, a razón de 1 hora e media por cada hora traballada. As horas de compensación acumularanse preferentemente ata chegar a completar xornadas laborais completas. Excepcionalmente, cando dispoñer de horas libres para compensar a realización de horas extraordinarias poida supoñer un grave prexuízo para o funcionamento do servizo, a compensación horaria poderá substituírse pola remuneración económica, nas contías fixadas no capítulo de retribucións deste convenio. Neste suposto, o responsable do servizo deberá formular a proposta de compensación económica, facendo constar as razóns que desaconsellan a compensación horaria, concretando a identificación dos traballadores/as afectados e o número de horas realizadas. Enviará esta proposta ao servizo de persoal que a trasladará á Comisión de seguimento para que informe o que considere oportuno. A resolución da proposta corresponderá á Xunta de Goberno. De ser o caso, o pagamento das horas extraordinarias incluírase na nómina do mes seguinte ao da data de resolución.”

C.- Engadir ao convenio colectivo a seguinte disposición transitoria:

Disposición transitoria segunda.- No prazo de un ano dende a publicación da Relación de Postos de Traballo no Diario Oficial da Provincia de Lugo se renegociarán as contías das gratificacións extraordinarias e o procedemento para a súa autorización e xustificación.

D.- Engadir ao convenio colectivo unha disposición derogatoria co seguinte contido:

Disposición derogatoria.- Quedan derogados cantos acordos existan que contradigan o disposto no convenio colectivo. Quedan así mesmo derogados todos os acordos que existan relativos a retribucións específicas derivadas de nocturnidade, festivos, domingos e fins de semana, traballo a quendas e calesquera outras condicións tidas en conta na ponderación do complemento específico

Entrada en vigor da presente modificación puntual: Establécese a entrada en vigor das modificacións referidas ao día seguinte da súa publicación no BOP.

*A publicación para a súa entrada en vigor debe realizarse unha vez aprobada definitivamente e publicada, a Relación de Postos de Traballo do Concello de Viveiro, segundo o disposto no acordo plenario de aprobación da presente modificación puntual do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Viveiro.

R. 0847

**XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA.
SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**

Anuncio

María de los Ángeles Pérez Niño, en representación da Sociedade de Cazadores *A Ulloa*, solicita a segregación de 899,69 hectáreas de superficie do tecor *Río Grande* LU-10039 que corresponden ao monte veciñal en man común de Vilamaior de Negral e outros terreos.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.- Margarita López Blanco

R. 0544

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil dezanove, a “Modificación do Orzamento da Deputación de 2019, vía suplemento de crédito”, expone ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado

Lugo, vinte e sete de marzo de dous mil dezanove.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde. **A SECRETARIA**, María Esther Alvarez Martínez.

R. 0901

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 21/03/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 21/05/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 22 de marzo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0848

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 11 de marzo de 2019, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 1º bimestre de 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de marzo e o 15 de maio de 2019.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a 13 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0849

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA DAS EVENTUAIS VACANTES OU AUSENCIAS QUE SE Poidan dar nos postos de TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL E CORDINADOR/A DE DITO SERVIZO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo do 2019 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos conforme ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

En Monforte de Lemos, 22 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0850

Anuncio

CONVOCATORIA A PARA A SELECCION DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo do 2019 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos conforme ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

En Monforte de Lemos, 22 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0851

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS AUXILIARES DE POLICIA LOCAL

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2019 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax ou por outro medio a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

En Monforte de Lemos, 22 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0852

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCION MECANICA E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 18.03.2019 aprobouse o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do exercicio 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 12.04.2019 ata o 12.06.2019.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación,ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 18 de marzo de 2019.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca

R. 0853

PANTÓN

Anuncio

Polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de marzo de 2019, apróbanse as Bases do proceso selectivo e convocatoria para a contratación de un peón para os servizos municipais para a cobertura da baixa por ILT do titular do posto, como persoal laboral temporal a xornada completa:

- Un peón, a xornada completa durante seis meses .

Prazo de presentación de instancias: cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio (de 9:00 a 14:00 horas, no Rexistro xeral do concello), tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido na base sétima.

Bases dos procesos de selección: publicadas na páxina web do concello www.concellodepanton.es e no Taboleiro de Edictos da Casa do concello.

Pantón, 22 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco

R. 0855

VILALBA

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 19 de febreiro de 2019, aprobou inicialmente os Presupostos, Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2018. Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resultan definitivamente aprobados os Presupostos, Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2019. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que dito presuposto ascende en gastos e ingresos a 1.738.900,00 euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan según o seguinte detalle:

<u>ESTADO DE GASTOS</u>		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	481.800,00 €
2	Gastos en bens correntes	940.521,00 €
3	Gastos financeiros	2.501,00 €
4	Transferencias correntes	43.700,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións reais	270.377,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	1,00 €
TOTAL		1.738.900,00 €
<u>ESTADO DE INGRESOS</u>		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	490.000,00 €
2	Impostos indirectos	35.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	341.900,00 €
4	Transferencias correntes	705.000,00 €
5	Ingresos patrimoniais	2.000,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	165.000,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL		1.738.900,00 €

CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2019**A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

PRAZA/POSTO DE TRABAJO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Escala de Habilitación Estatal Subescala Secretaría-intervención Praza: Secretario-interventor	1	A1	28	Cuberta
Escala de Administración Xeral Subescala administrativa Praza: Administrativo	1	C1	22	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Traballador/a social	1	A2	22	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Animador/a sociocultural	1	A2	22	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala servizos especiais Praza: Policía local	1	C1	18	Cuberta

B/ PERSOAL LABORAL FIXO:

POSTO DE TRABAJO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	A1	22	Cuberta
Encargado/a de obras e servizos	1	C2	18	Cuberta
Auxiliar de axuda no fogar (Modalidade básica)	1	A.P Lei 7/2007	10	Cuberta

RESUMO:

Número de funcionarios de carreira: 5

Número total de persoal laboral fixo: 3

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO PARA O EXERCICIO 2019**A) FUNCIONARIOS**

DENOMINACIÓN	DOT	NCD	C.E.	T. P.	F. P.	OBSERVACIONES
Secretaría-Intervención	1	28	1.924,17	S	C	Cuberta
Policía Municipal	1	18	561,14	S	OP	Cuberta
Administrativo	1	22	704,03	N	OP	Cuberta
Traballador/a social	1	22	453,21	N	OP	Cuberta
Animador/a sociocultural	1	22	453,21	N	OP	Cuberta

DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN Grupo-Esc.-Subes.	TITULACIÓN FORMACIÓN ACADÉMICA ESPECÍFICA
Secretaría-Intervención	A1-Habilitación Nacional-Secretaría-intervención	Titulado universitario RD 834/2003
Policía Municipal	C1-Administración especial-Servizos especiais	Bacharelato superior
Administrativo	C1-Administración xeral-Subescala administrativa	Bacharelato superior
Traballador/a social	A2-Administración especial-Subescala técnica	Diplomatura en traballo social
Animador/a sociocultural	A2-Administración especial-Subescala técnica	Técnico animación sociocultural/diplomado en educación social/ título de maxisterio.

DOT.: Dotación NCD.: Nivel Complemento Destino C.E.: Complemento Específico mensual
T.P.: Tipo de posto (S) = Singularizado, (N) = Non singularizado F.P.: Forma de provisión (C)
Concurso, (OP) Oposición, (C-OP) Concurso-oposición.

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	DOT	NCD	C.E.	T. P.	F. P.	OBSERVACIÓNS
SERVIZO DE EMPREGO - Axente de emprego e desenvolvemento local	1	22	453,21	N	OP	Cuberta
OBRAS E SERVIZOS -Encargado	1	18	561,14	N	OP	Cuberta
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (BÁSICO) - Auxiliar axuda no fogar	1	10	133,51	N	OP	Cuberta

DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN GRUPO	TITULACIÓN FORMACIÓN ACADÉMICA ESPECÍFICA
SERVIZO DE EMPREGO - Axente de emprego e desenvolvemento local	A1	Grado ou licenciatura en xestión e administración pública, dereito, administración e dirección de empresas, ciencias empresariais, ciencias económicas, ciencias do traballo, graduado social ou relacións laborais.
OBRAS E SERVIZOS -Encargado	C2	F.P.2. Rama electricidade
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (BÁSICO) - Auxiliar axuda no fogar	A.P Lei 7/2007	F.P. de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente, ou certificado de profesionalidade

DOT.: Dotación NCD.: Nivel Complemento Destino C.E.: Complemento Específico mensual
T.P.: Tipo de posto (S) = Singularizado, (N) = Non singularizado F.P.: Forma de provisión (C)
Concurso, (OP) Oposición, (C-OP) Concurso-oposición.

C) **PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**- Para o exercicio 2019, mera estimación de contratos a formalizar en función das subvencións ou convenios que se concreten con outras administracións públicas.

CARGO	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS	DURACIÓN
- Auxiliar de axuda a domicilio	1	Xornada Completa	Por obra
- Técnico prevención drogodependencias	1	Xornada Completa	Por obra
- Administrativo de 1ª (DEPUEMPREGO)	1	Xornada Parcial	30/09/2019

- Peón especialista (DEPUEMPREGO)	1	Xornada Parcial	30/09/2019
- Peón mantem. e limpeza (APROL RURAL)	2	Xornada Completa	28/03/2019
- Socorrista piscinas municipais	1	Xornada Completa	Tres meses

Rábade, 21 de marzo de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0854

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/01150
 PETICIONARIO : Jesús Iglesias Fernández
 VERTIDO
 DENOMINACIÓN : Perrera en Veiguicela
 LOCALIDAD : Veiguicela, Cela (Santa María)
 TÉRM. MUNICIPAL : Outeiro de Rei
 PROVINCIA : Lugo
 RÍO/CUENCA : Regueiro do/Regueiro do

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Perrera en Veiguicela" - "Jesús Iglesias Fernández", con un volumen máximo anual de 219,00 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa epurbloc 2000 + filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0856

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/01168
 PETICIONARIO : M^a. Soledad Picón Acal
 VERTIDO
 DENOMINACIÓN : Vivienda en Riazón
 LOCALIDAD : Riazón, Ombreiro (San Martiño)
 TÉRM. MUNICIPAL : Lugo

PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Naveiras/Naveiras

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Riazón" - "M^a. Soledad Picón Acal", con un volumen máximo anual de 372,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica prefabricada.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0857

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES Y OBRAS EN ZONA DE POLICÍA

EXPEDIENTES : V/27/00572-3, A/27/28770
PETICIONARIO : Grupo Automoción As Granxas, S.L.

VERTIDO

DENOMINACIÓN : Desguace en Paraxes
LOCALIDAD : Paraxes Fomiñá (O Salvador)
TÉR. MUNICIPAL : A Pastoriza
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Porto de Pena da/Porto de Pena da

Las obras cuya autorización se solicita consistirán en la ejecución del "Proyecto de ampliación de autorización de vertido en un centro de gestión de vehículos al final de su vida útil" en la margen izquierda del Rego de Riolongo, en la parcela 490 del polígono 24, en el lugar de Paraxes, parroquia de Fomiñá (O Salvador), término municipal de A Pastoriza (Lugo).

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Desguace en Paraxes" - "Grupo Automoción As Granxas, S.L.", con un volumen máximo anual de 11.454,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

Vertido 1: NO2700909 Aseos

- Decantador- digestor.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Vertido 2: NO2701123 Proceso industrial

- Desarenador.
- Separador de hidrocarburos de placas coalescentes.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Vertido 3: NO2702253 Escorrentía

- Pozo decantador.
- Separador de hidrocarburos.

- Arqueta de control.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 0585

COMUNIDAD DE USUARIOS DAS FONTES DE CAZÓN, FORESTAL E REGO DE MUROS

Anuncio

JAVIER FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, presidente da Comisión Xestora e da futura Comunidade de Usuarios das Fontes de Cazón, a da Forestal e a de Rego de Muros, DNI 76.580.637-K, domicilio en Penas nº6, Pígara, no concello de Guitiriz, por medio do presente escrito,

CONVOCA a tódolos membros que forman parte da debandita comunidade de usuarios, a ASAMBLEA DE APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA COMUNIDADE, que terá lugar no local social da Escola de Pígara, o vindeiro luns 22 de abril de 2019 ás 20:00 horas en primeira convocatoria e as 20:30 horas en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Examinar os proxectos de estatutos eleaborados.
- 2.- Aprobalos en caso de conformidade.

R. 0859